

A LEI 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no seu artigo 6 atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.

Esta norma establece no seu artigo 22 que os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

Dito servizo de recollida é actualmente prestado pola Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, á que foron cedidas polo Concello de Ferrol as instalacións do Centro de Recollida de Animais denominado “Refuxio de Mougá”, a través da empresa Más Cuidados S.L.U.

Por razóns tanto de seguridade cidadá como de benestar animal o mantemento deste servizo resulta esencial.

Ante a declaración do Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, precísase adoptar medidas que contribúan á contención da enfermidade garantindo, ao mesmo tempo, o mantemento da prestación dos servizos esenciais.

Por todo o anterior, foron adoptadas as seguintes

MEDIDAS DE CONTENCIÓN FRONTE O CORONAVIRUS COVID-19

CENTRO de Recollida de Animais Abandonados Refuxio de Mougá

SITUACIÓN 2 – ESTADO DE ALARMA RD 463/2020

Actividade do centro

- O centro permanecerá **pechado ao público en xeral**
- **Reducirase a presenza física** do persoal aos mínimos necesarios.
- A entrega de animais aos seus propietarios realizarase con **cita previa e de xeito individual**.
- Establécense **servizos indispensables** para a limpeza do centro, alimentación e a atención veterinaria dos animais.
- Establécense servizos mínimos para o servizo de lacería, restrinxindo as recollidas aos **casos de atención necesaria**: animais feridos, animais potencialmente perigosos, animais mantidos en instalacións municipais non habilitadas para o mantemento dos mesmos, animais libres que poidan causar accidentes ou lesións e actuacións de emerxencia requiridas polo poder xudicial e os corpos e forzas de seguridade.
- As solicitudes de entrega voluntaria de animais con propietario quedarán **suspendidas**, tanto na súa tramitación como execución.

Medidas xerais

- Realización de **quendas de traballo diferenciadas** por actividades e non coincidentes no tempo
- Extremaranse as **medidas de limpeza e hixiene**, lavando as mans con frecuencia ou empregando el hidroalcohol no seu defecto.
- Empregaranse **luvas desbotables** para a manipulación de equipos, utensilios e vehículos
- Manteranse as **distancias de seguridade** con outras persoas e traballadores, utilizando calquera das dependencias de xeito individual e, nos casos en que sexa inviable (cirurxías con mais dunha persoa) empregaranse mascarar e gafas de protección.
- En caso de manifestar **sintomatoloxía compatible** co COVID-19 comunicarse inmediatamente ao responsable do centro
- Rotarase a utilización dos vehículos e procederase á **desinfección** de volante, mandos do cadro, regulador de asento, mandos de vidros e portas e cambio de marchas despois de cada uso.
- Procederase á desinfección dos aseos, con lixivia, despois de cada uso.